

# PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL

## ÍNDICE

1. Introducción e contextualización
  - 1.1. Características do alumnado de E.I.
2. Obxectivos e contidos xerais de ciclo
  - 2.1. Obxectivos de etapa
  - 2.2. Obxectivos de área
  - 2.3. Organización dos contidos do 2ºCiclo de E.I
3. Criterios de avaliación
4. Competencias básicas
5. Metodoloxía
  - 5.1. Organización do espazo
  - 5.2. Organización do tempo
  - 5.3 Metodoloxía non presencial
6. Actividades extraescolares e complementarias
7. Atención á diversidade
8. Concreción do Plan TIC
9. Concreción do Plan de Convivencia
10. Recursos didácticos
  - 10.1. Recursos humanos
  - 10.2. Recursos materiais
11. Procedementos e instrumentos de avaliación
  - 11.1. Procedementos para avaliar a propia programación

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Concello de Nigrán pertence a comarca de Vigo. Posúe unha extensión de 39,4 km<sup>2</sup> e conta cunha poboación de 16.894 habitantes concentrada nas sete parroquias deste municipio Camos (Santa Baia) , Chandebrito (San Xosé) , Nigrán (San Fiz) , Panxón (San Xoán) , Parada (Santiago) , Priegue (San Mamede) , Ramallosa (San Pedro).

O C.E.I.P. Humberto Juanes é un dos Centros educativos situados neste Concello. O número de unidades ascende a dezanove (seis de E.I. e outras trece de E.P.). O equipo docente constitúeno 32 mestres/as, entre titores/as e especialistas. Ademais, o Centro conta cunha coidadora a tempo completo e outra a tempo parcial que ven os xoves e os venres. Respecto ao alumnado matriculado, as dúas etapas suman un total de 405 alumnos/as, 120 entre as aulas de 3, 4 e 5 anos de E.I., e 285 entre as aulas de 1º a 6º de E.P.. O Centro conta tamén con Biblioteca, aula de informática con acceso a Internet e rede de Intranet en todas as aulas e despachos, aula de música, aula de plástica, cociña, pavillón deportivo e transporte escolar.

Ademais este C.E.I.P. participa en diferentes Plans de Dinamización de Centro, como son: Plan da Dinamización da Lingua Galega, Plan de Convivencia Escolar, Plan das TIC, Plan FOGA.

A xornada lectiva desenvólvese de forma continuada.

A finalidade da Educación Infantil, tal e como recolle a **L.O.E.**, e o **D 330/2009 do 4 de xuño**, é o desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos/as. Tamén hai que dicir que actualmente o sistema educativo rexese pola LOMCE, aínda que para a etapa de Educación Infantil non temos un decreto de dita lei.

A E.I. debe contribuír a compensar todo tipo de desigualdades de contornas sociais, culturais ou económicas desfavorecidas, e atender ás diferentes individuais de cada neno/a; así como unha clara función educativa, xa que, a educación debe empezar desde o nacemento para favoreceren o desenvolvemento integral do neno/a.

O carácter voluntario e gratuíto desta etapa educativa non debe confundirse cunha improvisación da mesma, xa que a súa voluntariedade non diminúe a súa importancia.

A súa programación é necesaria porque:

- Axuda a eliminar o azar e a improvisación, aínda que isto non indica que a programación sexa pechada ou predeterminada, senón unha guía de orientación suxeita a modificacións en función das características e necesidades do alumnado.
- Permite ademais adaptar o traballo pedagóxico e o proceso de ensinanza-aprendizaxe á realidade educativa do Centro.

### **1.1. Características do alumnado de E.I**

Este curso están escolarizados en E.I. un total de 118 nenos e nenas distribuídos da seguinte maneira:

- 3 anos A: 19 alumnos/as.
- 3 anos B: 19 alumnos/as.
- 4 anos A : 18 alumnos/as.
- 4 anos B : 18 alumnos/as
- 5 anos A : 21 alumnos/as.
- 5 anos B : 23 alumnos/as.

A **lingua vehicular** do Centro é o Galego, a pesar de que a maioría do alumnado é castelán-falante, polo que se ten en conta o **D79/2010 do 20 de maio**, que regula o uso e a promoción do Galego no sistema educativo, e coidando tamén que o alumnado adquiera, a nivel oral e escrito, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, o Castelán, dentro dos límites propios da etapa.

A E.I. debe contribuir a compensar todo tipo de desigualdades de contornos sociais, culturais ou económicas desfavorecidas e atender ás diferenzas individuais de cada neno/a; así como unha clara función educativa, xa que, a educación debe comezar desde o nacemento para favorecer o desenvolvemento integral do neno/a.

A súa programación é necesaria porque:

- Axuda a eliminar o azar e a improvisación, aínda que isto non indica que a programación sexa pechada ou predeterminada, senón unha guía de orientación suxeita a modificacións en función das características e necesidades do alumno.

- Permitir ademais adaptar o traballo pedagóxico e o proceso de ensinanza-aprendizaxe á realidade educativa do Centro.

Esta programación ten en conta as características psicoevolutivas dos nenos/as desta idade.

Segundo **Piaget**, a **nivel cognitivo** atópanse no período preoperacional (2-7 anos). Nesta etapa xa teñen adquirida a función simbólica, así serán capaces de operar coas imaxes mentais dos obxectos sen necesidade de telos diante. O seu pensamento é máis lóxico. A linguaxe vai adquirindo un maior nivel de corrección, o vocabulario irá aumentando progresivamente e a expresión oral irá mellorando. Progresivamente aprenderán estruturas sintácticas máis complexas e aumentarán gradualmente o dominio de

estruturas semánticas. As súas comunicacións irán adquirindo maior intencionalidade.

A **nivel motriz**, alcanzarán un gran sentido do equilibrio e do ritmo, con gran eficacia na motricidade grossa. A motricidade fina será máis precisa. O debuxo da figura humana será máis completo e con máis detalles. A lateralidade quedará definida arredor dos 5 anos, aspecto que favorecerá a orientación espacial e consolidará a estruturación do esquema corporal. Progresarán na adquisición de nocións espaciais e temporais.

A **nivel socio-afectivo** son máis seguros e independentes. Saen pouco a pouco do egocentrismo e as súas amizades son máis sólidas e permanentes. Progresivamente aceptan as normas que rexen a vida familiar e escolar.

## 1.2. Recursos humanos

O profesorado de E.I. está composto por 6 titoras e 2 mestres de apoio, así como os especialistas de Música, Lingua Inglesa, Psicomotricidade e Relixión Católica.

Ademais, o Centro conta tamén cun Departamento de Orientación composto por unha orientadora e as especialistas de PT e AL. O Centro conta tamén con dúas coidadoras a tempo completo.

NOME	FUNCIÓN
Castillo Alcaraz, Olalla	Titora 4º A (3 anos)
León Sotelo, Olalla	Titora 4º B (3 anos)
Pérez Pérez, María Rita	Titora 5º A (4 anos)
Ana Belén Da Silva Diego	Titora 5º B (4 anos)
Fernández Pazos, Lorena	Titor 6º A (5 anos)
Blanco Prieto, Ángeles	Titora 6º B (5 anos)

Reinaldo Barcia, D. Naír	APOIO 1
Palomero Sobrino, M <sup>a</sup> Mercedes	APOIO 2
León Sotelo, Olalla	LINGUA INGLESA
González Jiménez, Susana	MÚSICA
Costas Alonso, Silvia	RELIXIÓN
Graña Rodríguez, Elena	PEDAGOXÍA TERAPEUTICA
Sánchez de Toca Triviño, Mónica	AUDICIÓN E LINGUAXE
Vázquez Barreiro, Margarita	ORIENTADORA

## **2. OBXECTIVOS E CONTIDOS XERAIS DE CICLO**

### **2.1. Obxectivos de etapa**

1. Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
2. Observar e explorar o seu medio familiar, natural e social.
3. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
4. Desenvolver as súas capacidades afectivas.
5. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
6. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
7. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
8. Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

9. Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

## 2.2. Obxectivos de área

### 1. Área de coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

- Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
- Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser quen de denominalos, expresalos e comunicárllelos ós demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.
- Realizar, de xeito cada vez máis autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para establece-las súas necesidades básicas.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

## 2. Área de coñecemento do medio.

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno amosando interese polo seu coñecemento.
- Relacionarse cos compañeiros, compañeiras e cos adultos do seu contorno próximo, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Iniciarse no coñecemento de distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando de maneira moi sinxela algúns dos seus atributos e calidades.
- Coñecer e valorar algúns dos compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas reaccións, cambios e transformacións desenvolvendo, progresivamente, actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

## 3. Área de linguaxes: comunicación e representación.

- Comezar a utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos, e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.
- Comezar a comprender as intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.



- Iniciarse na lectura de imaxes mediante a manipulación de debuxos, carteis, gravados, fotografías..., que acompañan aos textos escritos, comezando a atribuírlles un significado.
- Iniciarse na exploración e a utilización de materiais, instrumentos e soportes propios da linguaxe escrita.
- Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ó participar nestes intercambios comunicativos.

### **2.3. Organización dos contidos do 2º Ciclo de E.I**

#### ***Área de coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal***

##### **Bloque I. O corpo e a propia imaxe**

- Imaxe global do corpo humano.
- O esquema corporal.
- Segmentos e elementos constitutivos do corpo.
- Necesidades básicas do corpo.
- Características diferenciais do propio corpo respecto ó dos outros.
- Os sentidos: o seu uso e función.
- Sentimentos e emocións propios e dos outros e a súa expresión corporal.
- As referencias espaciais en relación co propio corpo.
- Exploración das características globais e segmentarias do

- propio corpo.
- Identificación de diferenzas e semellanzas cos outros.
  - Percepción dos cambios físicos propios e dos outros e saber relacionalos co paso do tempo.
  - Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades corporais básicas en situacións habituais e ocasionais.
  - Utilización dos sentidos como medio de exploración do corpo e da realidade exterior.
  - Identificación e percepción das sensacións que se obteñen do propio corpo.
  - Regulación e control progresivo de sentimentos e emocións.
  - Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo/a, das posibilidades e limitacións propias.
  - Valoración positiva e respecto polas diferenzas.
  - Valoración positiva de si mesmo/a aceptación das propias posibilidades e limitacións.
  - Actitude de aceptación das características e das diferenzas entre as persoas evitando comportamentos discriminatorios.
  - Actitude positiva ante as manifestacións de afecto dos outros.
  - Confianza na propia capacidade para realizar actividades.

## Bloque II. Xogo e movemento

- Posibilidades e limitacións motrices do corpo e dos seus segmentos.
- Movementos combinados.
- Habilidades motrices de carácter fino.

- Posturas e contrastes posturais.
- Control postural.
- Posturas axeitadas.
- Xogo simbólico e xogo regulado.
- Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Descubrimento e desenvolvemento das posibilidades motrices do seu corpo en situacións e actividades cotiás.
- Exploración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Situación e desprazamentos no espazo real.
- Adaptación tónico-postural ás diversas accións, ós xogos e ás situacións.
- Esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico.
- Comprensión e aceptación das regras dos xogos.
- Reprodución de posturas co corpo.
- Coordinación e control do movemento do corpo e das súas partes e adquisición de habilidades motrices novas.
- Utilización correcta de pequenos aparatos e obxectos: punzóns, tesoiras, lapis...
- Coordinación e control de habilidades manipulativas de carácter fino.
- Confianza nas súas posibilidades motrices.
- Gusto polo xogo.
- Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Aceptación das regras que rexen os xogos.
- Interese e iniciativa pola adquisición de novas habilidades.
- Actitude de axuda e colaboración cos outros nenos e coas

outras nenas.

- Gusto pola actividade física e pola precisión de movementos.

### Bloque III. A actividade e a vida cotiá

- As distintas actividades cotiás: de xogo, domésticas, de cumprimento de rutinas, de colaboración e os seus requirimentos.
- Normas de relación e convivencia nos diferentes contextos.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Habilidades para a interacción e a colaboración.
- Planificación de accións secuenciadas para resolver situacións lúdicas ou cotiás.
- Adecuación do comportamento ás distintas situacións da actividade cotiá.
- Conciencia da propia competencia na resolución das diferentes tarefas da vida cotiá.
- Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización das actividades da vida cotiá.
- Coordinación e colaboración cos outros. Deste xeito, ofrécenlles e solicítanlles axuda deles nos diversos momentos de actividade.
- Percepción das pautas de comportamento e das normas básicas dos diversos contextos cos que se relaciona.
- Colaboración no establecemento dalgunhas normas no ámbito familiar e escolar.
- Participación na resolución dos conflitos que se presentan no ámbito escolar e na utilización do diálogo como forma de resolvelos.

- Iniciativa e autonomía nas distintas actividades cotiás.
- Satisfacción pola realización de tarefas.
- Gusto polo traballo ben feito por un mesmo/a e polos demais.
  
- Valoración e aceptación das normas establecidas nos diferentes contextos.
- Actitude de compartir, escoitar, esperar, atender...
- Actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.
- Actitude de colaboración e solidariedade; descéntrase do propio punto de vista e ten en conta o dos outros.

#### Bloque IV. O coidado persoal e a saúde

- Hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación e descanso.
- Accións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais.
- A enfermidade: prevención.
- Seguridade persoal.
- Coidado e orde no medio próximo.
- Limpeza das distintas partes do corpo e emprego adecuado dos espazos e materiais.
- Aplicación dos hábitos de hixiene corporal.
- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza do medio onde se desenvolven as actividades cotiás.
- Colaboración nas actividades relacionadas coa alimentación ou co descanso.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que o requiran.
- Utilización axeitada dos útiles necesarios para comer.
- Aceptación das normas establecidas durante as comidas, os

- desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Adopción de comportamentos de prevención e seguridade en situacións habituais.
  - Coidado e precaución ante obxectos e situacións que poden resultar perigosos.
  - Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.
  - Gusto e gozo co aspecto persoal pulcro e coidado.
  - Aceptación das normas relacionadas cos hábitos de hixiene, alimentación, descansos e desprazamentos.
  - Gusto por desenvolver actividades en ambientes limpos e ordenados.
  - Actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de enfermidade e accidentes.

### ***Área de coñecemento do medio***

#### **Bloque I. Medio físico: elementos, relacións e medida**

- Obxectos presentes no medio natural e social: pedra, produtos, algunhas ferramentas...
- Obxectos de uso cotián relacionados co aseo, co vestido e coa alimentación. O seu uso axeitado e convencional.
- Atributos sensoriais dos obxectos: cor, tamaño, sabor, son, plasticidade e dureza.
- Obxectos tecnolóxicos habituais que se utilizan nas actividades cotiás: ordenador, reprodutores musicais, televisión, DVD, videoxogos...
- Algúns obxectos pouco frecuentes.
- Propiedades dos obxectos: cor, forma e tamaño.
- Relacións entre obxectos e coleccións.

- Cuantificadores: todo-nada, moito-pouco, máis case-menos ca, ningún-varios, cheo-baleiro, igual que.
- A serie numérica: os 9 primeiros números.
- O número cardinal e o ordinal.
  
- Nocións básicas de medida: grande-mediano-pequeno, longo-curto, alto-baixo, pesado-lixeiro.
- Unidades de medida naturais e arbitrarias: man, pé, paso, táboas e algúns obxectos.
- Medidas temporais: moito anaco-pouco anaco, agora, logo, antes, despois, rápido-lento, día e semana.
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo, óvalo.
- Nocións básicas de orientación e situación no espazo: arriba-abaixo, encima-debaixo, dentro-fóra, diante-detrás, preto-lonxe, pechado-aberto, xunto-separado, esquerda-dereita.
- Exploración de obxectos: percepción, manipulación e experimentación.
- Identificación das sensacións que produce a actividade con obxectos.
- Producción de cambios e transformacións sobre os obxectos, observando os resultados.
- Clasificación e agrupación de obxectos segundo as súas características, usos e funcións.
- Discriminación de formas, tamaños, cantidades, situacións espaciais, cores..., mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Utilización correcta dalgúns obxectos en relación co uso que

teñen.

- Exploración das calidades sensoriais dos obxectos.
- Comparación e agrupación de obxectos, atendendo a atributos diversos.
- Aproximación á cuantificación de coleccións.
  
- Ordenación de obxectos atendendo ó grao de posesión dunha determinada calidade.
- Uso contextualizado dos primeiros números ordinais.
- Utilización do conteo como estratexia de estimación e uso dos números cardinais referidos a cantidades manexables.
- Verbalización do criterio de pertenza ou non pertenza a unha colección.
- Utilización axeitada dos cuantificadores.
- Utilización da serie numérica para contar elementos.
- Representación gráfica dos cardinais.
- Enumeración verbal dos ordinais.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen engadir, quitar e repartir.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do medio.
- Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Estimación intuitiva da duración de certas rutinas da vida cotiá en relación coa medida de tempo.
- Situación e localización de si mesmo/a e dos obxectos no espazo segundo as nocións básicas.
- Realización de desprazamentos orientados.
- Uso axeitado das nocións espaciais.
- Interese pola exploración e experimentación cos obxectos.



- Actitude de compartir xoguetes e obxectos do seu medio familiar e escolar.
- Respecto e coidado polos obxectos de uso individual e colectivo.
- Curiosidade por coñecer algúns obxectos tecnolóxicos habituais nas actividades cotiás.
  
- Actitude de coidado cara a algúns obxectos que poden resultar perigosos.
- Gusto pola exploración e comparación de obxectos.
- Apreciación da utilidade dos números para resolver os problemas da vida cotiá.
- Curiosidade por descubrir a medida dos obxectos.
- Actitude de interese e observación ante a organización do espazo.
- Gozo coa actividade matemática.

## Bloque II. Achegamento á natureza

- Características xerais dos seres vivos.
- Distintos tipos de seres vivos: semellanzas e diferenzas.
- Animais e plantas do medio.
- Cambios que se producen nos animais e nas plantas no curso do seu desenvolvemento.
- Animais e plantas en distintos medios.
- Utilidade e interdependencia entre animais, plantas e persoas.
- Fenómenos atmosféricos do medio natural: chuvia, vento, día, noite...
- Papel do home como conservador e repoboador do medio natural e a súa acción, en ocasións, depredadora do

devandito medio.

- Produtos elaborados polo home a partir de materias primas procedentes de animais e plantas.
- Observación directa e sistemática dos elementos do medio natural.
- Observación das características e costumes dalgúns animais e dalgúns plantas do seu medio.
- Observación e seguimento do ciclo vital dalgúna planta e dalgún animal, establecendo relacións co paso do tempo.
- Coidado de animais e plantas na aula.
- Clasificación de animais segundo as súas características: peteiro, plumas, pelo...
- Clasificación de animais: domésticos/salvaxes.
- Clasificación de animais segundo o medio no que viven.
- Comparación das características que presentan os seres vivos.
- Observación dos cambios producidos no desenvolvemento das plantas: crecemento...
- Formulación de conxecturas sobre as causas e consecuencias dalgúns fenómenos atmosféricos.
- Identificación das relacións entre animais e plantas e os produtos que nos proporcionan.
- Observación da relación de utilidade entre os animais, as plantas e as persoas.
- Observación das modificacións que se producen no medio natural co paso do tempo, o clima e a intervención humana.
- Contribución á conservación e ó mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminados.
- Interese por coñecer as características e funcións dos seres

vivos.

- Valoración da importancia das plantas e dos animais para a vida das persoas.
- Respecto e coidado polos elementos do medio natural.
- Curiosidade e respecto cara ós animais e ás plantas do seu medio.
- Interese e gusto polas relacións cos elementos do medio natural: animais e plantas.
  
- Valoración dos ambientes limpos, non degradados nin contaminados.
- Gusto e gozo polas actividades realizadas en contacto coa natureza.
- Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar.

### Bloque III. Cultura e vida en sociedade

- A escola: como é, as súas dependencias, uso e funcións.
- Membros persoais: as súas funcións e ocupacións.
- A clase: distribución e emprego dos seus espazos, obxectos e mobiliario.
- A casa: distintos tipos de vivendas.
- A nosa casa: como é, onde está.
- Obxectos, dependencias, mobiliario: o seu uso e a súa función.
- Tarefas cotiás do fogar.
- A familia: os seus membros, relacións de parentesco, funcións e ocupacións.
- Distintos tipos de estrutura familiar.

- Lugar que ocupa na súa familia.
- Medio do neno e da nena: a rúa, o barrio.
- Elementos que forman o medio urbano e as súas características.
- Diferentes medios: paisaxe rural e paisaxe urbana.
- Elementos naturais do medio urbano e elementos construídos polo home.
- A actividade humana no medio: funcións, tarefas e oficios máis habituais.
- Servizos relacionados co consumo: produtos e establecementos.
- Distintos medios de transporte.
- Normas elementais de seguridade viaria.
- Algúns medios de comunicación: televisión, radio, prensa e teléfono.
- Lugares para divertirse e aprender: teatro, circo... As súas posibilidades.
- Tradicións, folclore e costumes da súa localidade.
- Formas sociais do tempo: días da semana, días laborais e festivos, onte, hoxe, mañá, as estacións...
- Actuación autónoma e adaptada ós diferentes grupos.
- Toma de conciencia da necesidade da existencia dos diferentes grupos sociais e valoración da súa importancia para a vida.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen nos distintos grupos.
- Uso contextualizado das normas elementais de convivencia.
- Participación autónoma e responsable nas diferentes tarefas da vida cotiá tanto familiar coma escolar.

- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo.
- Observación dos medios rural e urbano, dos seus elementos, das súas funcións e da súa utilidade.
- Descubrimento dos cambios producidos no medio pola actuación humana.
- Coidado do medio e colaboración no seu mantemento e na súa conservación.
- Recoñecemento das profesións máis habituais e próximas á nena e ó neno e a súa relación cos distintos servizos públicos.
- Observación dos diferentes establecementos de consumo.
  
- Coñecemento dos distintos tipos de transporte e as súas características.
- Coñecemento e respecto das normas elementais de seguridade viaria.
- Atención ós coñecementos que nos transmiten os medios de comunicación.
- Percepción das formas sociais do tempo.
- Achegamento ós costumes e ó folclore característicos da súa localidade.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio.
- Aceptación da propia situación familiar.
- Interese por participar na vida familiar e escolar.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.

- Valoración e aceptación das normas que rexen os grupos familiar e escolar.
- Respecto pola diversidade de sexos, roles, profesións, idades...
- Respecto e coidado polos espazos en que se desenvolven e polos obxectos presentes neles.
- Interese por coñecer as características do propio medio.
- Valoración e respecto cara a tódolos traballos desempeñados polas persoas.
- Valoración dos distintos servizos que nos ofrece a sociedade.
- Interese por coñecer os distintos medios de transporte e de comunicación.
- Aceptación das normas elementais de seguridade viaria.
- Desexos de participar en actividades sociais e culturais.

## ***Área de linguaxes: comunicación e representación***

### **Bloque I. Linguaxe verbal**

#### *1. escoitar, falar e conversar.*

- A linguaxe oral como medio de comunicación e información.
- Vocabulario rico e acorde cos distintos contextos e coas diferentes situacións de comunicación.
- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos das unidades didácticas, se poidan introducir:
  - Cores.
  - Membros da familia.
  - Números.

- Festas e celebracións.
  - Saúdos.
  - Elementos do corpo.
  - Animais.
  - Días da semana.
  - expresións e frases moi sinxelas.
- Valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos e para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regular a propia conduta e a dos demais.
  - Produción de mensaxes orais referidas a necesidades, emocións, desexos, intencións, propostas e opinións.
  - Comprensión das intencións comunicativas dos outros nas diferentes situacións de intercambio oral.
  - Uso progresivo, acorde á idade, de léxico variado e con crecente precisión.
  - Pronuncia axeitada dos sons da lingua.
  - Construción e utilización oral de distintos tipos de frases para o que botarán man das variedades morfolóxicas de xénero, número, persoa, tempo...
  - Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación, en diálogos colectivos, libres ou dirixidos, respectando as normas que rexen os intercambios lingüísticos.
  - Utilización axeitada das normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar.
  - Relatos de feitos, situacións, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
  - Utilización de sinais extralingüísticos (entoación, xesticulación...)

para reforzar o significado das mensaxes transmitidas.

- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fale de temas coñecidos e predicibles.
- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como medio de transmisión de sentimentos, ideas, intereses e desexos de coñece-los dos outros.
- Interese e iniciativa por participar nas situacións de intercambio oral.
- Respecto e aceptación das normas sociais que regulan o intercambio oral.
- Actitude de escoita cara ós outros nas súas interpretacións orais.
- Interese polo enriquecemento e pola mellora das súas producións lingüísticas.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.
- Actitude positiva cara a lingua estranxeira.

## *2. Aproximación á lingua escrita*

- A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Formas escritas e formas de expresión gráfica.
- Instrumentos da lingua escrita: libros, revistas, etiquetas, carteis...
- Descubrimento da linguaxe escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Produción e interpretación de códigos de simbolización gráfica.
- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de



- expresión gráfica.
- Comprensión e produción de imaxes de forma secuenciada.
  - Iniciación ó coñecemento do código escrito a través de palabras e frases significativas.
  - Utilización de esquemas gráficos para a transmisión de mensaxes sinxelas.
  - Destreza na utilización das habilidades grafomotrices.
  - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
  - Percepción de semellanzas e diferenzas sinxelas en palabras escritas.
  - Identificación dalgunhas palabras e frases escritas moi significativas e usuais para o neno e para a nena.
  - Iniciación no uso da escrita para cumprir finalidades reais.
  - Valoración e interese pola linguaxe escrita como medio de información, diversión e comunicación.
  - Gusto por oír e follear contos e narracións.
  - Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións lidas por outras persoas.
  - Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita: linealidade, orientación e organización do espazo.
  - Gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

### **3. *Achegamento á literatura***

- Textos de tradición oral: contos, cancións, poesías, adiviñas e trabalinguas.
- Textos literarios contemporáneos.

- Xogos lingüísticos.
- Comprensión e reprodución oral dalgúns textos da tradición cultural contados ou lidos polos adultos.
- Recitado dalgúns textos poéticos gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación en xogos lingüísticos.
- Dramatización de textos literarios.
  
- Utilización da biblioteca da aula con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e de gozo.
- Interese e respecto cara ás manifestacións orais da súa tradición cultural.
- Actitude de orde e coidado no recuncho da biblioteca.
- Interese por compartir as sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- Gusto polas dramatizacións literarias.
- Interese pola lectura.

## Bloque II. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación

- Xogos e actividades interactivas.
- Algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores de imaxe e son...
- A linguaxe audiovisual.
- Iniciación no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento a diferentes producións audiovisuais: películas, debuxos animados, videoxogos...
- Valoración crítica do contido dalgunhas producións

audiovisuais.

- Discriminación progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reforzo de diferentes contidos traballados na clase mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Curiosidade polos instrumentos tecnolóxicos.
- Gozo cos xogos interactivos.
- Actitude de coidado cos instrumentos tecnolóxicos

### Bloque III. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal

- A expresión plástica como medio de comunicación e representación.
- Materiais específicos e non específicos para a expresión plástica.
- Técnicas básicas da expresión plástica: debuxo, pintura, modelaxe, *collage*...
- Útiles e instrumentos da expresión plástica.
- Gama de cores primarias, a súa mestura e os contrastes claro-escuro.
- Diversidade de obras plásticas que se producen e atopan no medio: pintura, escultura, debuxos...
- Ruído, silencio e música.
- Propiedades sonoras do propio corpo e dos obxectos.
- Calidades do son: intensidade, duración, ton e ritmo.
- Instrumentos musicais.
- Cancións, danzas e bailes.
- Exploración dos materiais e dos útiles da linguaxe plástica.

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, espazo...
- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías..., a través do debuxo e doutras producións plásticas.
- Representación da figura humana no seu conxunto; coa diferenciación das distintas partes e os segmentos corporais.
- Control do xesto gráfico e do instrumento nas elaboracións plásticas.
- Identificación das cores primarias e das secundarias a partir das primarias.
- Identificación do contraste claro-escuro nas cores.
- Uso do *collage* como medio de experimentación con diversos materiais, formas e cores.
- Realización de formas sinxelas a través da modelaxe.
- Atribución ou identificación do tema dalgunha obra plástica.
- Identificación e diferenciación entre ruído, silencio e música.
- Exploración das propiedades sonoras da voz, do corpo, dos obxectos e dalgúns instrumentos musicais.
- Discriminación dos contrastes básicos: forte-suave, longo-curto, agudo-grave, subida-baixada.
- Produción e reprodución de sons.
- Memorización e interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Participación activa en bailes e danzas sinxelas.
- Utilización de instrumentos musicais de percusión para acompañar as cancións e marcar un ritmo.
- Audición atenta de obras musicais presentes no medio.
- Interese pola produción artística.

- Gusto e gozo coas propias elaboracións plásticas e coas dos outros.
- Actitude de respecto cara a tódalas producións plásticas.
- Coidado e uso axeitado dos diversos materiais e útiles.
- Interese por coñecer as técnicas plásticas.
- Gusto e pracer coa música, o canto e o baile.
- Actitude de atención nas audicións musicais.
- Valoración das cancións e danzas propias do folclore da comunidade á que se pertence.
- Respecto polas producións musicais dos demais.
- Posibilidades expresivas do corpo para expresar e comunicar sentimentos e emocións.
- Control do corpo: actividade, movemento, respiración, equilibrio e relaxación.
- Experimentación das posibilidades expresivas do propio corpo a través de xestos e movementos.
- Expresión de sentimentos e emocións co propio corpo.
- Interpretación das mensaxes transmitidas polos outros a través do corpo.
- Automatización e realización de nocións de direccionalidade co propio corpo.
- Desprazamento polo espazo adecuando o propio movemento ó espazo e ó movemento dos outros.
- Mantemento do equilibrio en diversas situacións de actividade.
- Automatización das técnicas de relaxación global e segmentaria.
- Control da respiración nas diferentes actividades tanto de movemento coma de relaxación.
- Imitación e representación espontánea de persoas, situacións

- e historias sinxelas, reais ou imaxinarias en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos e outros xogos de expresión corporal.
  - Interese e iniciativa por participar nas representacións.
  - Desexos de comunicarse e expresarse mediante a linguaxe corporal.
  - Atención e gozo nas representacións dramáticas.
  - Espontaneidade nas dramatizacións, danzas, bailes...
  - Esfuerzo por transmitir sentimentos e emocións a través da expresión corporal.
  - Gusto polo labor persoal e orixinal nas actividades de expresión corporal.

### **3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

#### **Área de coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**

- Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal.
- Identificar e nomear as diferentes partes do corpo.
- Situar espacialmente as distintas partes do corpo en relación a si mesmo/a e ós demais.
- Controlar progresivamente o seu corpo, global e segmentariamente.
- Progresar na adquisición de destrezas motoras e habilidades manipulativas.
- Utilizar as posibilidades motrices, sensitivas e expresivas do propio corpo.
- Identificar os sentidos e as principais sensacións asociadas a

cada un deles.

- Confiar nas propias posibilidades.
- Respetar e aceptar as características dos demais.
- Mostrar actitudes de axuda e colaboración.
- Formar unha imaxe persoal positiva e axustada de si mesmo/a.
- Coñecer as súas propias posibilidades e limitacións.
- Realizar as tarefas da vida cotiá con seguridade, confianza, iniciativa e autonomía progresiva.
- Valorar as actuacións propias e as dos demais.
- Participar nos xogos.
- Comprender e utilizar adecuadamente as normas que rexen os xogos.
- Progresar na coordinación e control das habilidades manipulativas de carácter fino.
- Expresar sentimentos e emocións.
- Comprender e interpretar os sentimentos e emocións dos demais.
- Contribuír á convivencia.
- Adquirir hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.
- Controlar progresivamente as súas necesidades básicas.
- Colaborar na creación dun medio agradable e dun ambiente favorecedor de saúde e benestar.

## Área de coñecemento do medio

- Identificar e nomear obxectos e elementos do medio inmediato e actuar sobre eles.
- Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas.
- Iniciarse na cuantificación e interpretación dos elementos do medio natural.
- Cuantificar coleccións de elementos mediante o uso da serie numérica.
- Resolver sinxelos problemas matemáticos da súa vida cotiá.
- Manexar nocións espaciais e temporais básicas.
- Interesarse polo medio natural.
- Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza.
- Participar en actividades encamiñadas ó coidado da natureza.
- Identificar algúns dos cambios naturais que afectan á vida cotiá das persoas.
- Coñecer, identificar e describir persoas e colectivos do seu medio.
- Identificar as características dos grupos sociais máis próximos.
- Coñecer diferentes servizos comunitarios: mercado, atención sanitaria, medios de transporte...
- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio.
- Participar na elaboración de normas nos diferentes grupos cos que se relaciona.



- Analizar situacións conflitivas da vida cotiá e resolvelas axeitadamente.
- Identificar outras culturas presentes no medio.
- Establecer relacións de afecto, respecto e xenerosidade con tódalas súas compañeiras e compañeiros.

### **Área de linguaxes: comunicación e representación**

- Utilizar a lingua oral para comunicarse positivamente cos seus iguais e coas persoas adultas.
- Comprender diferentes mensaxes orais, relatos, producións literarias, descricións, explicacións e informacións.
- Amosar actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Participar en diferentes conversacións.
- Amosar unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Expresarse e comunicarse oralmente con claridade e corrección.
- Resolver situacións conflitivas mediante o diálogo.
- Comunicar os seus estados anímicos e compartilos cos demais.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo.
- Iniciarse no uso dos textos escritos.
- Coñecer algunhas características do código escrito.
- Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula.
- Gozar compartindo a audición e a lectura de textos literarios.

- Expresarse e comunicarse empregando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Amosar interese por explorar as posibilidades das diferentes linguaxes.
- Compartir experiencias estéticas e comunicativas.
- Experimentar e explorar as posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz, a cor, a textura e os sons.
- Desenvolver a sensibilidade estética.
- Amosar unha actitude positiva cara ás producións artísticas en distintos medios.
- Utilizar o ordenador e outros instrumentos tecnolóxicos como vehículos de expresión e comunicación.

**NA REUNIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E AS COORDINADORAS DE INFANTIL E PRIMARIA, CO FIN DE ACORDAR OS OBXECTIVOS QUE DEBEN SER ACADADOS NO CAMBIO DE ETAPA, ASÍ COMO DESPOIS APROBADO NA CCP ESTES FORON:**

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL**

#### O corpo e a propia imaxe

Mellorar a organización e desenvolvemento lateral.

Capta e describe diferenzas e semellanzas entre persoas.

Chega á representación completa do esquema corporal.

Debuxa a figura humana respectando as proporcións.

Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.

Ten unha boa coordinación de movementos.

É capaz de relaxarse con facilidade.

Identifica os sentidos e os seus órganos

Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno

Organízase de acordo coas súas posibilidades.

Intégrase en xogos de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas.

Non mostra actitudes discriminatorias ante as diferenzas.

Identifica características diferentes nun compañeiro ou nunha compañeira e adopta posturas non discriminatorias

Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes estados de ánimo, tanto en si mesmo coma nos demais.

### XOGO E MOVEMENTO

Soluciona autonomamente as necesidades que xorden durante o xogo e acepta quendas e regras.

Presenta unha boa motricidade fina(ensartar, colgar, prender, anudar, apretar, recortar, rasgar, moldear...).

Amosa interese polos xogos cooperativos e por parellas.

Realiza patróns básicos de movementos.

### ACTIVIDADE COTIÁ

Actúa autonomamente.

É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade.

Amósase ordenado/a nas súas tarefas e pode planificalas.

## COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE

É autónomo/a no coidado de si mesmo/a.

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

### MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA

Describe propiedades e características de obxectos e coleccións con base en diversos criterios.

Enumera diferenzas e semellanzas e fai comparacións entre obxectos.

Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá.

Coñece a serie numérica.

Comprende e asocia o número e a cantidade.

Recoñece e representa algunhas figuras xeométricas: cadrado, círculo, triángulo.

Emprega as nocións espaciais básicas para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa.

Ordena temporalmente as súas descrições utilizando correctamente as nocións: antes, agora, despois en relación ás súas vivencias.

Fai emprego de material manipulativo para a aprendizaxe dos conceptos matemáticos.

Percibe a secuenciación de actividades dentro do día e ao longo da semana.

## ACHEGAMENTO Á NATUREZA

Mantén unha actitude observadora, o que lle permite ter moitos coñecementos dos elementos do medio.

É quen de comunicar de forma verbal, xestual ou gráfica o que observou ou experimentou.

Amósase sensible cara á conservación e mantemento de ambientes limpos e non contaminados.

## CULTURA, VIDA E SOCIEDADE

Coñece as persoas do seu marco social e os seus nomes.

Maniféstase integrador/a: comparte material, cede ante os conflitos, colabora co resto do grupo, mantén a orde nas actividades de aula, así como nos desprazamentos polo centro.

Coñece feitos, costumes e obxectos relacionados coas celebracións.

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

### LINGUAXE VERBAL: ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

Mostra unha axeitada motricidade en relación ao seu desenvolvemento.

Recorda feitos e situacións vividas na clase e participa na súa narración.

Expresa con coherencia emocións, sentimentos e vivencias.

Estrutura ben as frases mostrando unha linguaxe e un vocabulario fluído.

## LINGUAXE VERBAL: APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA. ACHEGAMENTO Á LITERATURA

Recoñece que diferentes soportes gráficos, visuais, auditivos, etc, comunican e expresan informacións.

No proceso de aprendizaxe da lingua escrita, recoñece e produce a grafía individual das letras.

Escoita con atención a lectura e comprende pequenos textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...

Gústalle mirar e "ler" libros autonomamente.

Discrimina auditiva e visualmente os diferentes fonemas a súa representación gráfica.

Exprésase oralmente cun vocabulario básico en relación a súa idade, construindo e completando frases, facendo breves narracións e descricións.

Ten unha axeitada pronunciación nas súas producións orais.

## LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA

Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes.

Sinala gustos persoais plásticos indicando que obras lle gustan e cales non.

Participa no proceso de elaboración dunha obra artística plástica.

## **4. COMPETENCIAS BÁSICAS**

A L.O.E establece oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico, xa que compre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas.

Estas defínense como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes adecuadas ao contexto e que todas as persoas necesitan para o seu desenvolvemento persoal.

Traballaranse ao longo do ciclo de maneira secuenciada.

### ***1. Competencia en autonomía e iniciativa persoal***

Esta competencia constrúese desde o coñecemento dun mesmo e maniféstase a través de uso do propio corpo de maneira afectiva, a través da súa interacción co medio, cos seus iguais e cos adultos e na súa capacidade para actuar por iniciativa propia.

Os nenos/as do 2º ciclo de E.I., a medida que coñecen e controlan o seu corpo, móstranse progresivamente máis seguros da súa capacidade para realizar a concluír eles sos as rutinas persoais de alimentación, vestido, aseo e descanso, e de enfrontarse a novas situacións e actividades con iniciativa propia, asumindo aqueles riscos que son quen de controlar.

Grazas ao desenvolvemento desta competencia os nenos/as conseguirán ó finalizar o 2º ciclo de E.I.:

- Desenvolverse con iniciativa e dun xeito progresivamente máis competente na realización de actividades que

favorezan a súa adaptación ás distintas situacións de aprendizaxe.

- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes que favorezan a hixiene e o fortalecemento da saúde.
- Resolver problemas ou dificultades que poden atopar no xogo e na súa relación cos seus iguais ou cos adultos.
- Mellorar as habilidades e as destrezas necesarias para poder desenvolverse dun xeito cada vez máis autónomo nos ambientes do seu entorno.

Para poderen acadar todo isto durante o curso realizaremos diferentes actividades nas aulas como:

- Recanto do xogo simbólico: Nas aulas de E.I. un dos recantos que temos é o do xogo simbólico que ten xoguetes diversos relacionados con diversas profesións, con todo isto os nenos traballarán todos os conceptos relacionados con esta capacidade xa que desenvolverán papeis da vida cotiá como preparar a comida, poñer a mesa,...etc.
- Programa de saúde: neste programa traballaranse aspectos como a hixiene, o descanso, a prevención de accidentes e a alimentación saudable (tema que propón a Biblioteca do Centro para traballar ao longo de este curso). Propoñemos ás familias unha merenda diferente para cada día da semana: luns-froita, martes-bocadillo, mércores-galletas, xoves-lácteos, venres-libre elección. Falaremos da importancia de estes aspectos como que é necesario durmir para gozar de boa saúde, que hai que alimentarse ben para non enfermarse, que hai que tomar medidas fronte o frío a chuvia e o sol...



- Rutinas: durante todo o curso realizamos unha serie de rutinas que se repiten tódolos días: algunhas das rutinas que realizamos están relacionadas coa autonomía, alimentación e a hixiene, observar o tempo que fai ese día, que día é da semana e do mes ,etc.

## **2. Competencia en comunicación lingüística**

Esta competencia está relacionada co desenvolvemento e uso adecuado das destrezas básicas da linguaxe como escoitar, falar, ler e escribir. Esta competencia vai contribuír a que o neno/a constrúa o seu pensamento e regule a súa conduta, poida expresarse, comprenda e interprete ideas, sentimentos e mensaxes diversos...

A competencia lingüística é básica porque permite que os alumnos/as poidan crear vínculos cos demais e co seu contorno, comprender e transformar a realidade e desenvolver a súa personalidade.

Contribuiremos a desenvolver esta competencia de xeito globalizado, partindo do principio básico de aprender a aprender, deixando que o alumno/a constrúa os seus propios aprendizaxes. Non obstante, esta competencia vai estar máis presente dentro da área de Linguaxes.

Dende as nosas aulas imos promover actividades que faciliten que os neno/as poidan comprender, interpretar, producir e representar mensaxes orais e escritos, así como favorecer que melloren o seu vocabulario, formas e estruturas de expresión e coñezan textos da tradición e cultural oral.

Para isto proporemos actividades que favorezan o desenvolvemento progresivo das habilidades lingüísticas dos neno/as. Ao acabar o ciclo pretendemos que os nenos/as poidan:

- Expresarse de xeito claro e coherente.
- Ter un vocabulario axeitado a súa idade.
- Describir persoas, situación e obxectos.
- Comprender contos e relatos lidos ou contados.
- Comprender e interpretar imaxes.
- Relatar pequenas historias, vividas ou inventadas.
- Comprender, memorizar e recitar poemas, adiviñas, refráns...
- Ler e escribir palabras sinxelas relacionadas co seu entorno.

Para isto levaremos a cabo nas nosas aulas:

- Visitas á Biblioteca do Centro: Todo o alumnado do Centro, incluído os de E.I., utiliza a Biblioteca do Centro un día á semana. Aproveitamos esta sesión para ler , ver algunha película, buscar información nos ordenadores e, por suposto, coller libros en empréstito, xa que todo o alumnado e profesorado do Centro ten carné de Biblioteca. Ademais, aproveitase este espazo para participar en todas as actividades propostas polo Equipo da Biblioteca como contacontos, obradoiros, concursos, etc.
- Biblioteca de aula: en todas as aulas de E.I. cóntase cunha pequena Biblioteca onde os neno/as poden ir ler, ver imaxes, xogar coas letras, contar, representar...

Pretendemos con isto que os libros estean presentes nas nosas aulas e os neno/as poidan acceder a eles con facilidade.

- Nas rutinas diarias: nas rutinas diarias estamos lendo continuamente, non só palabras, senón tamén imaxes, lemos o nome cando pasamos lista, facemos o calendario, escollemos o recanto onde xogamos e o marcamos, lemos a ficha de traballo... A repetición diaria destas rutinas da seguridade e confianza nos neno/as e axudamos a facer un uso adecuado das normas e convencións sociais que regulan os diálogos e conversas colectivas cando falamos na asemblea.
- Experimentos e pequenas investigacións: a experimentación favorece o noso vocabulario, axudándonos a aprender palabras novas, enumerando os elementos que precisamos, invitándonos a facer hipóteses, expresando a satisfacción polos nosos triunfos e a decepción polos nosos fracasos.
- Canciós, rimas, poesías, refráns e retahílas: queremos espertar o gusto por todos os xéneros literarios, por iso imos traballar os contos tradicionais, canciós, refráns, trabalinguas, adiviñas, retahílas, xogos de sorte, xogos de roda... Trátase de que os neno/as aprendan e reproduzan os textos de xeito adecuado e que gocen cos mesmos. Ademais, esta aprendizaxe favorece a súa capacidade memorística. Por outra banda, estes xogos permiten estimular a linguaxe oral, mellorar na articulación das palabras e afianzar a pronunciación dos grupos consonánticos complexos.

- Comunicación na aula: dende que entramos pola mañá estamos comunicándonos. Promovemos as habilidades sociais no saúdo, no uso de agradecementos, nas peticións... Dialogamos e intercambiamos ideas, opinións, sentimentos, inquedanzas, vivencias, medos... cando falamos na asemblea. Ademais, facémolo de xeito ordenando, respectando as regras sociais que rexen un diálogo: quenda de palabra, escoita... Este exercicio comunicativo fai que, cada día, melloremos o noso discurso, teñamos que ser cada vez máis claros para que nos entendan, usar signos extralingüísticos para aumentar a significatividade dos nosos discursos, mellorar a linguaxe corporal, etc.
- A escrita: desde os 3 anos lévanse a cabo actividades de grafomotricidade motivadoras e relacionadas cos nosos proxectos. Comezan escribindo o seu nome e o nome dos nosos compañeiros pola súa significatividade afectiva. Despois, pouco a pouco, xogan cos nomes que vaian xurdindo nos diferentes proxectos. Procuramos que os neno/as sexan capaces de reproducir pequenos textos e vaian adquirindo trazos básicos para poder escribir despois na E.P.. Traballamos co lapis para mellorar a presión sobre o mesmo, así como a posición correcta e favoreceren o desenvolvemento da motricidade fina a través de actividades co punzón, tesoiras, plastilina, rachado... Non faltan actividades que promovan a coordinación visomanual, así como a aprendizaxe de algúns convencionalismos como a linealidade, a direccionalidade dereita-esquerda, a organización e

posición do texto no papel... Finalmente, a lingua escrita estará presente nas nosas aulas con carteis e letreiros que indiquen onde están as cousas, o nome dos neno/as e das mestras, os baños... Isto axuda a que os neno/as diferencien diversas formas de escrita como debuxos, pictogramas, letras, sinais..., identifiquen palabras co seu medio cotiá, recoñezan a utilidade da lingua escrita como representación da realidade e teñan gusto pola mesma e se interesen por descubrir e descifrar mensaxes.

### **3. Competencia matemática**

Consiste na habilidade para empregar e relacionar os números , as súas operacións básicas , os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e especiais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos, distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc., en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á resolución dos problemas ou á obtención de información.

Na E.I. contribuímos á mellora da competencia matemática na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos van ser empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen.

Polo tanto potenciarase que o noso alumnado se inicie na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións , para anticipar posibles efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados, de xeito que haberá unha manipulación funcional de diferentes elementos, para facer clasificacións, seriacións, identificando as súas características, atributos e calidades, de xeito que poidan establecer relacións entre eles, agrupalos, clasificalos, ordenalos...etc.

As matemáticas, os números, as medidas... están presentes en todas e cada unha das actividades que levamos a cabo ó longo da xornada:

- Rutinas: contamos cantos estamos na clase, cantos faltan, si somos máis nenas ou nenos, que día é, quen é o encargado e polo tanto o que sae primeiro ....etc.
- Experimentos e pequenas investigacións: mesturando diferentes elementos, máis ou menos cantidade, en envases de diferentes tamaños, con diferentes cores , texturas , cheiros.....etc, pesando, medindo , observando... dentro e fora da aula.
- Música e psicomotricidade: áreas xeradoras de múltiples e ricos coñecementos matemáticos, o ritmo, o movemento, a velocidade, a altura do son ...etc. vivenciando estes conceptos de xeito divertido, motivador e xerador de novas experiencias.

#### **4. Competencia social e cidadá**

Esta competencia prepara ao alumnado para unha vida socialmente eficaz. Para acadar esta competencia son necesarios coñecementos diversos e habilidades complexas que permitan participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

Para acadar esta competencia proporemos actividades que contribúan a:

- coñecerse e valorarse a si mesmos.
- favorecer a súa autoestima
- ser capaz de comunicarse en distintos contextos
- ser capaz de poñerse no lugar do outro e comprender e aceptar un punto de vista distinto o propio
- ser capaz de valorar os intereses individuais e os do grupo
- valorar as diferenzas entre diversos colectivos e recoñecer a igualdade de dereitos para todos, en particular entre homes e mulleres.
- resolver conflitos de convivencia mediante o diálogo e a negociación e aprender a mediar nos conflitos de convivencia.

Para todo isto levaremos a cabo nas nosas aulas:

- Actividades para traballar a responsabilidade, a autonomía, o autocontrol, a autoestima, a confianza en

si mesmos, a conciencia emocional, a adaptabilidade...  
a través de diversos obradoiros.

- Nomearemos un responsable na clase cada día.
- Seguimento dunha rutina diaria ao comezar a xornada: pequena asemblea de inicio e recordatorio ao final do día.
- Actividades para reforzar a sensación de identidade e imaxe corporal como:
  - Actividades no espello (de man e de parede), diferentes xogos, por exemplo: estatuas, exercicio físico, bailes...
  - Debuxos da figura humana (de si mesmos e dos outros).
  - Xogos cooperativos.
  - Recanto de xogo simbólico
  - Literatura que evite a discriminación sexual e reflexión sobre os contos clásicos, falando dos roles sexuais.
  - Crearemos e coidaremos o ambiente afectivo das nosas aulas, para que os nenos/as se sintan acollidos, respectados e queridos e así eles poidan extrapolalo aos seus compañeiros.
  - Cando xurdan problemas entre os neno/as actuaremos de mediadores para poder solucionarlos, escoitando as dúas partes e tratando de conciliar entre ambas.
  - Estableceremos normas de aula que deberemos respectar, ao igual que as normas do Centro.



- Procuraremos que os nenos/as participen nas conversas e se impliquen na toma de decisións.
- Participaremos en actividades que impliquen a toda a comunidade escolar como o Samaín, Magosto, Nadal, día da Paz...

É importantísima a colaboración das familias para o desenvolvemento desta competencia.

### ***5. Competencia no coñecemento e interacción co medio físico***

Esta competencia refírese á habilidade para interactuar co mundo físico, facilitando así a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias, así como tamén o coidado do medio natural e a protección da saúde dun mesmo e a dos demais. Así mesmo, supón demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como na adquisición duns hábitos de consumo responsable na vida cotiá.

Contribuirase a potenciar habilidades de investigación, como:

- Formular hipóteses.
- Recoñecer evidencias.
- Observar.
- Descubrir alternativas.
- Verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións,...

Ao rematar o ciclo pretendemos que o alumnado sexa capaz de:

- Observar e explorar activamente o seu contorno.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno.

- Amosar actitudes de coidado, respecto na súa conservación.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e anticipar posibles efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.

Para isto levaremos a cabo nas nosas aulas:

- Saídas e actividades complementarias. Realizaremos varias saídas ao longo do curso.

## **6. Competencia cultural e artística**

Esta competencia supón achegar ao alumnado a distintas manifestacións culturais e artísticas que lle permitirán desenvolver a expresión plástica, musical e corporal, a través de recursos como o propio corpo, cancións, audicións, bailes e danzas, dramatizacións e o recanto do xogo simbólico. Tamén leva implícito dispoñer daquelas habilidades e actitudes que permiten acceder ás súas distintas manifestacións, así como habilidades de pensamento para poder comprendelas, valoralas e gozalas.

Ao rematar o ciclo pretendemos conseguir que o alumnado poida:

- Descubrir as diferentes manifestacións culturais e artísticas do contorno máis próximo.
- Desenvolver un sentimento de confianza nas producións artísticas propias.
- Amosar interese pola mellora das súas producións e amosar respecto polas creacións propias e alleas.

- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar,... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos,...

Para isto levaremos a cabo nas nosas aulas actividades, como:

- Samaín: Desde o Equipo da Dinamización da Lingua Galega propónse a celebración do tradicional Samaín dunha maneira lúdica.. Celébrase a nivel de Centro durante os días previos á festividade do Día de Tódolos Santos e Defuntos. A actividade consiste en adornar caveiras con diversos obxectos para logo facer unha exposición, por ciclos, de cada unha das producións. É o alumnado que se encarga de traer ao colexio todo o que precisan para esta actividade.
- Magosto: O Equipo da Dinamización da Lingua Galega achéganos á festividade de san Martiño, no mes de novembro, coa celebración do Magosto, onde todo o Centro participa na degustación dos produtos desta época do ano, como son as castañas asadas. Tamén é un bo momento para recoller e memorizar diferentes adiviñas, refráns e ditos populares da zona.
- Nadal: participaremos na decoración do corredor, na elaboración da postal de Nadal, e aprenderemos panxoliñas tradicionais para cantar no festival de Nadal.

- Entroido: todo o Centro participará no desfile de Entroido.
- Decoración das aulas: Ao longo do curso as aulas cambiarán a súa decoración de acordo co tema a tratar, elaborando móbiles para decorar o teito da aula, murais para as paredes, pancartas para as portas, vidreiras para as fiestras,... elaborados sempre polo alumnado.
- Semana das Letras Galegas: Durante toda unha semana participase con diferentes actividades propostas desde o Equipo da Normalización da Lingua Galega e relacionadas directamente co coñecemento da persoa a que está dedicada cada ano esta celebración, aproveitando para coñecer a súa obra, e tamén para memorizar e descubrir diferentes textos tradicionais do noso folclore cultural, como por exemplo: cantigas, adiviñas, refráns, ditos,... do contorno máis próximo aos nenos/-as ou relacionados co autor dese ano.

## **7. Tratamento da información e da competencia dixital**

Esta competencia constrúe as habilidades para buscar , obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento a través das novas tecnoloxías. É unha ferramenta de traballo dentro da aula, lecer e comunicación, que favorece o uso do ordenador e os seus periféricos: micrófono, impresora... Incorpora diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse , aprender e comunicarse. Está asociada coa busca, selección , rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder

a ela segundo a fonte á que se acuda e o soporte que se empregue: oral , impreso , audiovisual, dixital ou multimedia.

Posto que o tratamento de información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, responsable , crítica e reflexiva ao seleccionar , tratar e utilizar a información, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas, iremos pouco a pouco dándolles esta autonomía de xeito que sexan conscientes dela e utilicen os recursos sen medo algún. A planificación do seu uso estará pensada como un recurso, unha ferramenta que nos vai a axudar a acadar os obxectivos desexados.

Na E.I. imos a contribuír a mellorar esta competencia , propoñendo situacións nas que sexa necesario resolver problemas reais, para o cal recorreremos ao tratamento de información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

Ao longo do curso proporanse actividades que favorezan que o remate do ciclo o alumnado poida acadar:

Unha utilización , na medida das súas posibilidades , da linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. Para poder acadalo imos a facer :

- Aula de informática: cada titor/a dispón no seu horario dunha sesión semanal para levar ao seu alumnado á aula de informática.
- Biblioteca: conta tamén con 3 ordenadores á disposición do alumnado e outro para o profesorado, ademais de impresora, autofalantes, reprodutor de DVD e TV.

## **8 .Competencia para aprender a aprender**

Esta competencia supón a mellora na capacidade de aprender de forma autónoma, non só polo participación activa na construción da aprendizaxe, senón porque permite que poidamos apoiarnos nas aprendizaxes anteriores para utilizar, aplicar e ampliar as novas. Para isto é necesario que os nenos/as tomen conciencia das súas propias capacidades e das súas limitacións, recoñecendo o que poden facer por si mesmos e aquilo no que necesitan axuda.

En E.I. partimos sempre do traballo globalizado, polo tanto, esta competencia está estreitamente relacionado co desenvolvemento do resto das competencias. O que procuraremos é que o alumnado se desenvolva con soltura, de xeito progresivo e, cada vez con maior autonomía no manexo dos recursos e materiais ao seu alcance, na comprensión do mundo que lles rodea, nas normas e regras que rexen a vida escolar, familiar e social, na mellora de actitudes persoais e de grupo, no desenvolvemento das actividades, na resolución de problemas e situacións da vida cotiá e na aprendizaxe e integración de novos coñecementos.

Para isto levaremos a cabo nas nosas aulas:

- Clima de traballo que favoreza a afectividade e a confianza mutua. Este clima fará que o alumnado se sinta seguro e aceptado e poida, polo tanto, expresarse, investigar, formular dúbidas, pedir axuda, rebater, opinar...
- Investigando en grupo favorecendo o traballo cooperativo, o que facilita moito a construción de aprendizaxes xa que, non só posibilita a interacción entre os nenos/as, senón que posibilita a mellora do aprendizaxe. Como estamos

investigando ou experimentando levamos a cabo unha hipótese, esta hipótese é grupal, cada neno/a da a súa opinión. Esta posta en común axuda a reflexión e ao debate e fai que poidamos reformular os nosos pensamentos. Tamén axuda ao intercambio de opinión, soluciona dúbidas, suscita problemas que hai que resolver... Cada neno/a aporta o que sabe. Nun traballo grupal cada un aporta aquilo que coñece, e cada un de nós coñece cousas diferentes, esta diversidade enriquece o noso xeito de aprender.

- Traballo activo que favoreza a realización de experimentos, a observación sistemática, a comparación... promoven a participación activa dos nenos/as na realización de actividades. Aprender a aprender require aprender facendo, por iso a participación activa é fundamental nesta competencia.
- Saídas que favorezan aprendizaxes fora da aula. O noso contorno está cheo de elementos que debemos aproveitar. As nosas saídas procuran que os nenos/as coñezan o seu entorno inmediato, saiban observalo, interpretalo, manipúlalo e respectalo.
- Encargado/encargada é unha figura que favorece aprender activamente é asumindo responsabilidades, por iso, cada día un dos nosos alumnos/as será o encargado. Estas responsabilidades axudan ao desenvolvemento da autonomía do neno/a e favorecen a participación, organización e funcionamento da aula.
- Recantos lúdicos e variados. O xogo simbólico non só é un segmento de ocio, os nenos/as a través do xogo vivencian

as súas inquedanzas, imitan ao mundo adulto, representan unha e outra vez aquilo que os aflixe para poder superalo, inventan e imaxinan sen límites, aprender regras e límites e comparten os xogos e xoguetes cos demais. A hora de ir xogar escóllese un recanto diferente cada día, pasando por todos eles ao remate da semana.

- Lembramos que elemento fundamental desta competencia, sen dúbida, é que o neno/a sexa consciente das súas aprendizaxes, por iso temos que ter un espazo para a síntese e para lembrar o que fixemos. Despois dunha actividade nova, dunha observación, dunha investigación, dun conto... hai un momento para o lembrar o que fixemos, porque o fixemos, quen participou, que buscábamos, que conseguimos... Cando remata a mañá lembramos todo o que fixemos ao longo da mañá e o que aprendemos. E, sempre que podemos autoavaliarnos, vemos como mellora a nosa grafomotricidade, como medramos, como imos sos ao baño, como xa non precisamos axuda para isto ou aquilo...

Este curso escolar traballaremos as competencias nos que en infantil se levarán a cabo todos martes en total son 6: cociña, inventos, teatro, horta, robótica e arte.

## **5. METODOLOXÍA**

A escola na etapa de E.I. ten que ser unha escola para a vida, onde o neno/a desenvolva ao máximo as súas capacidades a través dunha adecuada intervención educativa, xa que é unha etapa na que se asentam as aprendizaxes básicas.



Os **principios de intervención educativa** axudarán ao alumnado os obxectivos propostos e a desenvolver as súas capacidades. Estes principios baséanse nas necesidades dos nenos/as e permiten descubrir e organizar que contidos e que actividades son as máis adecuadas para guialos na súa aprendizaxe.

Enmarcase nunha concepción construtivista (**Coll e outros**), que postula que a aprendizaxe contribúe ao desenvolvemento na medida en que aprender non é copiar ou reproducir a realidade. Segundo esta corrente aprendemos cando elaboramos unha representación persoal sobre un obxecto da realidade ou contido que pretendemos aprender, é dicir o alumnado constrúe os seus propios significados sobre os contidos escolares coa axuda do profesorado, e este constrúe as súas propias estratexias para axudar ao alumnado.

Os principios que imos levar a cabo son:

- Favorecer unha aprendizaxe significativa. Isto esixe:
  - Conectar cos intereses, experiencia e necesidades do alumnado para asegurar a motivación e implicación na súa aprendizaxe.
  - Ter presente as súas competencias actuais.
  - Crear situacións que non estean moi afastadas nin excesivamente próximas ás súas experiencias para provocaren o conflito, dando lugar a unha reorganización dos seus esquemas cognitivos.

- Propoñer actividades suficientemente atractivas para que aprecie de maneira sinxela e clara a finalidade e utilidade dos novos contidos.
- Partir dos coñecementos previos do alumnado. Para isto, como docentes, débese:
  - Mostrar unha actitude de escoita e observación, estando sempre abertos as súas propostas.
  - Detectar as necesidades e intereses do alumnado.
  - Recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado, coordinándose co titor/titora do curso anterior e o profesorado que traballe co mesmo grupo.
  - En cada un dos Proxectos, levar a cabo unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado a través de diversas actividades: debuxos sobre o tema, preguntas ou diálogos na asemblea,..
  - Manter contacto asiduo coas familias para coñecer os seus hábitos, intereses, necesidades ou problemas dos nenos/as.
- Favoreceren a aprendizaxe activa. Será a través de acción e a experimentación, procurando:
  - Ofrecer espazos amplos que posibiliten a súa necesidade de movementos e potencien a súa autonomía motriz.
  - O intercambio e a relación cos iguais.
  - Diseñar situacións de aprendizaxe variadas que favorezan a libre elección por parte do neno/a,

favorecendo os procesos de verbalización e toma de decisións.

- Propoñer actividades abertas que estimulen a súa creatividade, favorecendo non só a adquisición do coñecemento, senón tamén o desenvolvemento da súa independencia e autonomía.
- Crear un clima de seguridade e confianza no que o alumnado poida desenvolver unha personalidade estable e equilibrada. Desenvolverase da seguinte maneira:
- Facilitándolle ambientes acolledores, cálidos e seguros, e espazos amplos exentos de perigo e ricos en estímulos.
  - Respectando e dando sempre a oportunidade ao neno/a para que actúe da forma máis autónoma posible.
  - Establecendo normas, retos e esixencias nun contexto de afecto, axustadas ás posibilidades de cada neno/a.
  - Fomentando a participación do alumnado na creación de normas de convivencia.
  - Establecendo unha estrutura horaria máis ou menos fixa ao longo da xornada escolar.
- Potenciar a aprendizaxe lúdica. É fundamental destacar a importancia do xogo (sobre todo os xogos de corte cooperativo) como actividade propia desta etapa. No xogo únense, por unha banda un forte carácter motivado e, por outra, importantes posibilidades para que os nenos/as establezan relacións significativas.

➤ Potenciar a aprendizaxe individualizadora e socializadora. É importantísimo que o titor/a se interrelacione cos nenos/asa tendendo a súa individualidade, sen esquecerse nunca de potencia e favorecer a formación de grupos variados nos que cadaquén participe e goce coa compañía dos seus compañeiros/as. **(ESTE CURSO SERÁN GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA DE 4 OU 5 NENOS/AS COS QUE SÓ PODERÁN COMPARTIR XOGOS E MATERIAIS DENTRO DA AULA)** Algunhas das actuacións a levar a cabos son:

- Preparar actividades e material par ao alumnado con NEAE.
- Realizar actividades e xogos sociais.
- Realizar actividades de corte cooperativo.
- Participar como ciclo e como aula en actividades internivelares do Centro. **(ESTE CURSO NON SE PODERÁN LEVAR A CABO ESTE TIPO DE ACTIVIDADES ENTRE AULAS POR MOR DA SITUACIÓN SANITARIA)**
- Programar actividades alternativas par ao alumnado que necesite traballo de reforzo ou ampliación.

### **5.1. Organización de espazo**

É fundamental que os nenos/as perciban o espazo como algo próximo, polo que este debe ser acolledor, cálido, seguro e estimulante. Ademais, ten que adaptarse ás súas necesidades de actividade. Os nenos/as deben dispoñer de lugares propios e de

uso común para compartir, espazos para realizar un determinado tipo de actividades, etc. **(TODOS OS ESPAZOS QUEDARÁN MODIFICADOS DURANTE ESTE CURSO POLA SITUACIÓN SANITARIA NA QUE NOS ATOPAMOS POR MOR DO COVID 19)**

Os **recantos** son espazos delimitados onde os nenos/as desenvolven actividades lúdicas, de investigación, de relación cos demais alumnos/as e co profesor/a. Organízanse segundo os obxectivos que se queiran desenvolver e conseguir. O alumnado poderá acceder con total autonomía a cada espazo, ademais será polivalente, para o cal a distribución podería ser esta:

- ✦ Recanto de plástica: onde xogarán a que son artistas e onde se traballará a creatividade, a psicomotricidade fina e a libre expresión.
- ✦ Recanto do xogo simbólico: a actuación do neno/a será totalmente libre. Este recanto estará organizado en distintas zonas: cociña, perruquería e disfraces, monecas e os seus accesorios, supermercado, farmacia, pista de coches e coches, ferramentas... Este recanto permite traballar a adquisición de roles sociais, guiando aos nenos/as para que non asuman modelos estereotipados de xénero.
- ✦ Recanto da Biblioteca: onde se traballarán as diferentes formas de comunicación, facendo especial fincapé na linguaxe oral e escrita. Será tamén un lugar de descanso e relaxación, creando un ambiente propicio para a lectura, observación e manipulación de libros, contos, xornais, revistas...
- ✦ Recanto do ordenador: serve para poñer aos nenos/as en contacto coas novas fontes de información que atraen a súa atención. Accederán a este recanto agrupados en parellas.

- ✦ Recanto das construcións: serve para poñer aos nenos/as en situacións de planificar, facer ensaios, cometer erros, desenvolver a súa creatividade....
- ✦ Recanto dos crebacabezas: serve para enfrontar ao alumnado a desenvolver o pensamento lóxico...
- ✦ Recanto da ciencia: serve para espertar no alumnado o interese polas cousas que ocorren ao seu redor e na súa vida cotiá. Favorecerá que se pregunten por que? e que busquen respostas a través da observación

A estes espazos, os recantos, poden acudir nos momentos de actividades non dirixidas ou semidirixidas. É importante tamén observar o uso que fan dos recantos e animalos a pasar por todos de maneira alternativa ao longo da semana.

No centro da clase estarán as mesas e as cadeiras que o alumnado utilizará nos períodos de actividade dirixida. Faranse varios grupos, procurando que sexan mixtos. Haberá tamén unha zona para a asemblea, espazos persoais para gardar o material, andeis, móbeis e encerado ao seu alcance, procurando que o material estea ordenado e clasificado para favoreceren a súa autonomía e independencia.

## **5.2. Organización do tempo**

É importante que a organización do tempo en E.I. respecte os ritmos individuais, combinando tempos de actividade con períodos de descanso ou relaxación, e actividades individuais con grupais. O tempo distribúese en función dos criterios establecidos para todo o

Centro.

Levarase a cabo a elaboración dun horario que lle transmita ao alumnado seguridade. Transcorrerá de maneira flexible, adaptado ao alumnado e tendo en conta as súas motivacións e suxestións, e coa posibilidade de incluír no currículo aqueles temas ou acontecementos que xurdan espontaneamente e poidan ser interesantes

Ademais levaranse a cabo unha serie de **rutinas diarias**, que lles permitan diferenciar progresivamente os distintos momentos do día e chegar a recordar, prever e anticipar o que pasará despois.

A distribución horaria das tarefas a levar a cabo sería:

- ✦ Entrada/acollida: o recibimento do alumno/a ten que ser de forma cálida e relaxada, facéndolle sentirse querido/a e mostrándolles ledicia por velos.
- ✦ Rutinas diarias: quitaranse as prendas de abrigo e as colgarán no seu colgadoiro, poñerán o mandilón e saudarémonos polos nosos nomes. Outras rutinas son: pasar lista, axustar o reloxo, actualizar o calendario, rexistro do tempo atmosférico. O responsable de facer ditas rutinas aparecerá reflectido nun panel e irá rotando todos os días.
- ✦ Asemblea: realizarase todos os días no espazo da cortiza. Será un tempo para falar sobre o último que nos pasou, repasar as responsabilidades que temos e planificaren a xornada.
- ✦ Actividades arredor dos centros de interese: as actividades de expresión oral e escrita, lóxica matemática, grafomotricidade, rítmico-musical, etc., marcarán os momentos máis

significativos da xornada escolar.

- ✦ Merenda controlada: é un momento de grande interese educativo e aproveitarase para reforzar os hábitos hixiénicos e de alimentación adecuados. Realizarase antes de saír ao recreo. A nosa proposta é: luns-froita, martes-bocadillo, mércores-galletas, xoves-lácteos, venres-libre elección.
- ✦ Recreo: o xogo ao aire libre favorece a adquisición de habilidades motrices grosas, o interese por participar en diferentes xogos e a confianza nas propias posibilidades. É importante para os xogos en grupo e para aceptaren as normas que o grupo determina para xogar.
- ✦ Recantos: teremos un tempo para traballar neles. Os recantos serven para satisfaceren as súas necesidades de manipulación, comunicación, autonomía, mobilidade, socialización, creatividade..., facilitando as aprendizaxes significativas e funcionais. Nos recantos, o alumnado distribuirase por parellas ou en pequenos grupos (3 a 4 alumnos/as) e rotarán todos os días.
- ✦ Obradoiros: traballaranse primordialmente nos Proxectos. Poden permanecer na aula durante todo o curso ou segundo as necesidades da programación. Neles o alumnado realiza actividades onde desenvolven destrezas, habilidades ou valores como a tolerancia, a creatividade, a cooperación, o respecto, a orde...
- ✦ Recollida e despedida: a saída é outro momento que será aproveitarase para demostrar o noso afecto ao alumnado, despedíndonos con cariño e facéndolles saber que é importante a súa presenza ao día seguinte.

O alumnado de 3 anos levará a cabo o período de adaptación,



tal e como se recolle na **Orde do 22 de xullo de 1997**. Deben terse en conta os seguintes aspectos:

- ✓ flexibilizar o calendario e o horario escolar nos primeiros días.
- ✓ crear un clima de confianza coa familia.
- ✓ realizar unha entrevista inicial antes de comezar o curso.
- ✓ crear un ambiente festivo e de acollida na aula.
- ✓ establecer e manter unha rutina.
- ✓ permitir o contacto cos obxectos persoais que traian da casa.

### **5.3 Metodoloxía non presencial**

**No caso de ter que levar a cabo a realización das clases de modo non presencial, a plataforma que se vai a empregar no ciclo para enviar as actividades ao alumnado é a páxina web do cole, onde se creou un apartado específico para cada clase, no que cada titora ten a súa propia clave para acceder a dito espazo e subir as actividades para o seu alumnado en concreto.**

**O método de comunicación directa coas familias vai a ser o Abalar Móbil e o correo electrónico, as titorías poderán levarse a cabo de maneira telefónica ou por videoconferencia empregando a plataforma Cisco Webex propia da Consellería.**

As actividades que imos propoñer en xeral serán actividades manipulativas, que sexan sinxelas de facer na casa, actividades accesibles para todas as familias, con materiais que se teñan a man, con fin de facilitar a súa elaboración. Tamén empregaremos recursos online, coma vídeos, contos, curtos...que poidan reproducir dende os dispositivos dos que dispoñan na casa. Serán contidos nos que se traballen aspectos do currículo que se traballan na aula pero adaptados a situación na que nos atopemos nese momento.

## 6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso celebraremos as seguintes conmemoracións, segundo a **Orde do 13 de xuño de 2012**:

- ✦ **1º trimestre:** Samaín, Magosto, Día da Constitución, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e Nadal.
- ✦ **2º trimestre:** Día da Paz, Entroido, Día Internacional da Muller Traballadora, Día Mundial do Consumidor e Semana da Prensa.
- ✦ **3º trimestre:** Día Mundial da Saúde, Día do Libro, Semana das Letras Galegas e Día Mundial do Medio Ambiente.

Participaremos nas actividades organizadas polo Equipo de Biblioteca do Centro (decoración, actividades de animación á lectura...) e polo Equipo da Dinamización da Lingua Galega durante todo o curso.

Ademais, desde o Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias, proporanse diversas saídas e actividades para

realizar ao longo do curso. **(ESTE CURSO ALGUNHAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E AS SAÍDAS QUEDARÁN A EXPENSAS DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA NA QUE NOS ATOPAMOS POR MOR DO COVID 19, POLO DE AGORA NON SE VAI A REALIZAR NINGUNHA NO CICLO DE EI)**

## **7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Segundo a **L.O.M.C.E 8/2013 do 9 de decembro**, corresponde á Administración Educativa asegurar a atención necesaria ao alumnado que presenta necesidades específicas de aprendizaxe polas súas altas capacidades, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, polas necesidades educativas especiais ou por outras condicións persoais ou de historia escolar, tratarase de respectar o nivel de madurez do alumnado, achegándoo aos contidos máis apropiados. Para isto terase que axustar a intervención educativa a cada un dos alumnos/as, levando a cabo unhas pautas de actuación xerais para atender a dito alumnado.

As estratexias de carácter xeral serán as seguintes:

### ***Atención ao alumnado con N.E.A.E.***

- Presenza e axuda física mentres realiza a tarefa.
- Atención personalizada e individualizada.
- Programación de actividades sinxelas adaptadas ao nivel de coñecementos de cada neno/a.
- Uso de sinais visuais, fotos, debuxos, gráficos, etc, que acompañen a linguaxe verbal que axuden a localizar o espazo e o tempo en que se realiza cada actividade.

- O reforzo social, os sorrisos, darlle a oportunidade para que conte as súas experiencias, vivencias.
- Dar instrucións claras, asegurándose de que comprende ben o que se lle pide en cada momento e que sabe o que ten que facer.
- Aumentar o tempo de espera, dando unha marxe suficiente para que poida responder ao que se lle pide.
- Propoñer, en ocasións, reforzos educativos específicos, que teñan que ver coa forma de organización do ambiente educativo, a distribución do espazo e o tempo, agrupamento do alumnado, elección do material adaptado, etc.
- Dar unha resposta o máis axustada posible ás necesidades reais de certos nenos/as.
- Implicar ao neno/a (na medida do posible) en todas as actividades da aula.

Para isto, será necesario seguir un proceso que inclúa: avaliación inicial e identificación das necesidades, toma de decisións sobre o alumno/a e o contexto, e planificación do currículo individual.

### ***Atención específica ao alumnado estranxeiro e/ou de escolarización tardía.***

Para a incorporación deste alumnado ao centro tómanse diferentes medidas, en primeiro lugar terase unha entrevista cos pais e nais para coñecer ao neno/a e as súas características. Unha vez feito isto se levará a cabo o período de adaptación destes nenos/as en función destas características. Nunca acudirá a clases sen facer antes esta entrevista inicial.

Medidas a tomar:

- Determinar as necesidades de cada alumno/ a través da avaliación inicial.
- Activación de medidas de tipo curricular: reforzos educativos, adaptacións curriculares ou flexibilización da idade.
- Incorporación, se é necesario, a un grupo de adquisición das linguas, no caso de que descoñeza completamente as dúas linguas oficiais de Galicia, durante un tempo máximo de 5 períodos lectivos no último curso de E.I. e fóra da aula (**Orde do 20 de febreiro de 2004**).

Outras medidas de actuación específica serán:

- Actuar conforme a un protocolo de acollida no Centro que incluíra: realización de actividades orientadas a coñecer as dependencias, hábitos, normas, costumes da aula e do Centro; posta en práctica de actividades de coñecemento e integración afectiva cos compañeiros/as da aula; e situalos, nun primeiro momento, cos compañeiros/as máis receptivos, abertos e compatibles con eles.
- Dispoñer de recursos alternativos na aula para estableceren unha comunicación mínima con eles: dicionarios de imaxes, taboleiros gráficos, pictogramas...
- Integrar aspectos multiculturais nos Proxectos de traballo.
- Coidar a información que se dea ás familias, procurando que sexa o máis explícita posible, e a implicación destas no Centro, invitándoas a participar nas actividades da aula.

## ***Atención ao alumnado de altas capacidades***

- Facilitarlle o acceso a recurso se materiais adicionais, procurando ter nos recantos da aula materiais adecuados aos seus intereses.
- Flexibilizar os seus horarios.
- Potenciar a participación activan o proceso de ensinanza-aprendizaxe, dándolle oportunidades para que poña en práctica as súas habilidades (por exemplo, verbalizando o que fixo).
- Traballar o pensamento diverxente, propoñendo actividades abertas, valorando ao mesmo tempo as súas ideas creativas orixinais.
- Planificar actividades individuais e específicas máis profundas, tendo unha carpeta con actividades alternativas para realizar cando remate aposta en común para toda a clase.
- Utilizalo/a, en ocasións, para a ensinanza titorial, é dicir, poñelo co noutro compañeiro/ap ara que lle axuden a realización de certas tarefas.
- En caso necesario, propoñer ao Departamento de Orientación a posibilidade dunha flexibilización escolar.

## **8. CONCRECIÓN DO PLAN TIC**

Ten unha grande importancia a aproximación do alumnado ás TIC. Os obxectivos máis destacables son compensar desigualdades entre o alumnado e alfabetizar aos alumnos/as nestes novos instrumentos de traballo desde idades temperás.

Pretendemos que o ordenador e os seus periféricos (impresora, escáner, webcam, micrófonos, altofalantes...) e outros medios como a cámara dixital, o vídeo e o encerado interactivo, sexan unha ferramenta de traballo para o alumnado e para o profesorado.

No noso plan de incorporación ás TIC van xogar un papel moi importante as familias, xa que intentaremos utilizar estes medios para favoreceren a súa participación e implicación no noso proxecto educativo, abrindo canles de comunicación para que poidan interactuar nas clases a través de *internet*, xa sexa a través de *blogs*, *correos electrónicos*, etc.

A proposta para integrar estes medios, e desenvolveren así a Competencia Dixital, é a través aula de informática, na que cada aula de E.I. ten unha sesión semanal.

Tanto no recanto do ordenador como na aula de informática, é fundamental que aprendan a respectar as normas establecidas, desenvolvendo a capacidade de traballar cos demais á hora de compartir o ordenador. Así traballarán preferentemente por parellas para provocaren a integración e cooperación e, na aula de informática, de forma individual co fin de avaliar as súas aprendizaxes e a súa autonomía fronte ao medio.

## **9. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

O Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar ten como obxectivo mellorar a convivencia escolar nos Centros educativos de Galicia, propiciando cambios positivos neles, no profesorado, nos

modelos de organización escolar e na formación integral. Preténdese así que o alumnado traballe, viva e asuma como propios os valores da convivencia pacífica.

Son dúas as liñas de actuación. Por unha banda o **traballo preventivo** que promova, a medio e longo prazo, cambios actitudinais consistentes e permanentes; e por outra, a **intervención puntual**, cando a situación o demande.

#### Obxectivos:

- Coñecer e valorar as características do grupo-clase.
- Favorecer a integración do novo alumnado e novo profesorado.
- Contribuír a formación integral do alumnado.
- Promover a participación das familias.

#### Actuacións:

- Programa de Acollida.
- Revisión do expediente persoal do alumnado.
- Avaliación inicial do alumnado.
- Información ás familias e ó alumnado ó comezaren o curso.
- Horario semanal de atención a pais/nais.
- Liña de coordinación entre o equipo docente.
- Liña de coordinación entre os distintos niveis, ciclos e etapas.
- Control de puntualidade e absentismo.
- Información ao Departamento de Orientación sobre o alumnado que presenta desaxustes.
- Colaboración co Departamento de Orientación nos programas previstos para cada nivel e ciclo.



- Atención e orientación as diferentes inquiredanzas do alumnado.
- Asesoramento ás familias.
- Unificación de medidas e de procedementos de intervención.
- Información trimestral ao Consello Escolar da situación de convivencia escolar.
- Incorporación do informe sobre a convivencia escolar á Memoria Anual.

Nas aulas de E.I., concréntanse as actuacións da seguinte maneira:

Nas asembleas: actuando as titoras como guía, abordando cuestións como interculturalidade, igualdade de xénero, educación emocional ( autoestima, autoconcepto, habilidades sociais, responsabilidade, tolerancia...), etc. favorecendo sempre que o alumnado faga as súas aportacións.

Nos xogos: propiciando que sexan variados, como os de presentación, de coñecemento dos outros, de afirmación, de confianza, de comunicación, de distensión, de cooperación, de resolución de conflitos, etc.

Nos contos: elixindo aqueles nos que se resalten a importancia da tolerancia, responsabilidade, respecto...

## 10. RECURSOS DIDÁCTICOS

### 10.1. Recursos humanos

O profesorado de E.I. está composto por 6 titoras e 2 mestras de apoio, así como os especialistas de Música, Lingua Inglesa, Psicomotricidade, e Relixión Católica. Ademais o Centro conta tamén con Departamento de Orientación composto por unha orientadora e dúas especialistas de PT e dúas especialistas de AL.

### 10.2. Recursos materiais

- Mobiliario e utensilios do espazo exterior: tobogáns, areeiro e utensilios para xogar na area.
- Mobiliario e utensilios das aulas:, armarios e andeis. Espello, mesas e cadeiras para o alumnado, mesa, cadeira e armario para as titoras, etc. Os colgadoiros do alumnado están no corredor
- Recursos didácticos: aqueles que desenvolven conceptos de lóxica matemática (ex. obxectos que serven para a clasificación, a seriación, etc.), materiais que desenvolven a educación sensorial (os que traballan a percepción visual: cores, formas, tamaños, etc.; os que traballan a percepción táctil: texturas, volumes, etc.), materiais que favorecen o desenvolvemento da linguaxe oral (láminas, murais, títeres, crebacabezas, etc.), materiais que preparan para a lectura e escritura (dominós de palabras, cartóns para clasificar sílabas, con diferentes grafías, caixas con obxectos, etc.), materiais que favorecen o desenvolvemento psicomotriz (espello, pelotas de plástico, aros, conos, túneis, etc.), materiais para o xogo simbólico (monecas e vestidos, obradoiro de

ferramentas, pistas de coches, zapatos de tacóns, sombreiros diversos, disfraces, etc.), materiais para a observación e experimentación, materiais para a educación plástica, musical e corporal (pinturas, pinceis de diferentes grosos, diferentes instrumentos de percusión, etc.). Ademais, hai que destacar todos os libros, contos, revistas, xornais,... dos que dispón a Biblioteca de aula, o uso de abundante e variado material de refugallo e o uso de material audiovisual e informático.

- Recursos especiais: mascota da aula, dossier, portafolio, e diferentes libros que se elaboran asociados aos Proxectos de traballo e que logo son incorporados á Biblioteca de aula.

**(O USO DOS RECURSOS MATERIAIS SERÁ ADAPTADO NESTE CURSO, INTENTAMOS TER OS MENOS MATERIAIS NA AULA PARA FACILITAR A SÚA DESINFECCIÓN)**

## **11. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Avaliar significa examinar o grao de consecución dos obxectivos analizando todas as variables que interveñen no proceso, necesitamos determinar as capacidades que imos a avaliar, recoller información, valorala e tomar decisións sobre a mesma.

Seguindo o **Decreto 330/2009 do 4 de xuño** e a **Orde do 25 de xuño de 2009**, *sobre avaliación en Educación Infantil, na Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación en E.I. será **global, continua e formativa**. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación. O mestre

recollerá información ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe que lle permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.

A avaliación neste ciclo, seguindo os criterios do decreto de E.I. debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características de evolución de cada neno/a e o seu grao de **competencia**. Para isto tomaranse coma referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

A avaliación é fundamental na práctica educativa, xa que cumpre unha tripla misión:

- Proporciona información sobre os coñecementos previos dos alumnos/as, os seus procesos de aprendizaxe e a forma en que organizan o coñecemento.
- Permite ao profesorado coñecer o grao en que o seu alumnado vai adquirindo aprendizaxes significativas e funcionais.
- Posibilita que o alumnado descubra o seu desenvolvemento e progreso persoal nas novas aprendizaxes, as súas aptitudes para a aprendizaxe e as súas capacidades intelectuais, os seus intereses e motivacións, actitudes e valores...

En resumo, a avaliación axuda a mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

En primeiro lugar levarase a cabo a **avaliación inicial**, que pretende proporcionar información sobre a situación da que parte o alumno/a ao chegar á escola. Pero, ademais, debe realizarse sempre que se introduza unha nova proposta didáctica. Por iso, débense prever diferentes instrumentos e materiais para facilitar ao

profesorado a avaliación inicial en diferentes momentos:

- ✦ Debemos manter unha entrevista cos pais para intercambiar e recoller información sobre: datos persoais e familiares dos nenos/as, o soño, a alimentación, as enfermidades e alerxias, o seu desenvolvemento e personalidade.
- ✦ No inicio de cada un dos Proxectos: na presentación de cada centro de interese, é imprescindible realizar distintas actividades que nos permitan observar o interese que o tema esperta en cada alumno/a, pescudar os seus coñecementos previos e recoller as súas ideas novas que se poden incorporar.
- ✦ No período de adaptación: fundamentalmente en 3 anos, coa incorporación de novo alumnado/a farase unha reunión inicial coas pais para informalos de como vai ser a incorporación dos seus fillos. Durante esta incorporación faranse entrevistas individuais e ao rematar o proceso avaliarase a incorporación dos nenos/as.

A **avaliación continua** permite a valoración do desenvolvemento das aprendizaxes dos alumnos/as a través da recollida continua de datos. Recolleremos esta información en fichas de seguimento e diarios de clase. Esta información condensarase no informe individualizado de avaliación que cubriremos ao finalizar o curso. O carácter desta avaliación continua será formativa, xa que, permite tomar decisións que melloren o proceso educativo. Reorganizaremos os grupos se estes non funcionan, axustaremos as experiencias volvendo aos mesmos

contidos se estes non quedaron claros ou suscitaremos outra metodoloxía que conecten máis cos intereses dos nenos/as. Esta avaliación ten a vantaxe de que permite levar a cabo unha ensinanza individualizada ao mostrar as diferenzas no ritmo de aprendizaxe do alumnado. Así, segundo os resultados, poderemos levar a cabo actividades de apoio para os alumnos/as que presenten dificultades, variando os materiais, utilizando procedementos máis intuitivos, reforzando os logros destes alumnos/as.

- Na programación de cada Proxecto: analizaremos os criterios concretos de avaliación que se desprenden directamente dos obxectivos didácticos e supoñen un nivel maior de concreción.
- No desenvolvemento dos Proxectos especificaranse:
  - Actividades previas e complementarias, trátase de coñecer de onde parten os nenos/as e como van progresando en interacción cos obxectos, os espazos e os compañeiros/as.
  - Actividades de avaliación: permiten traballar algúns dos contidos das diferentes áreas que se abordaron ao longo do Proxecto.
  - Rexistro de avaliación: é un instrumento de avaliación continua que axuda ao profesorado a obter a información que necesita para determinar o grao de consecución dos obxectivos. Utilízase para: recoller e rexistrar información sobre o alumno/a, guía de observación sistemática, como informes á familia da evolución do neno/a e con fins acreditativos para elaborar os informes de avaliación.

A **avaliación final** trátase da análise secuenciada dos

registros sucesivos de avaliación que van de permitir ao profesorado coñecer os ritmos de aprendizaxe e os avances de cada alumno/a nas distintas áreas ou ámbitos de experiencia.

Realizaremos unha avaliación final trimestral ao acabar cada trimestre para, desde unha perspectiva global, ir adecuando os métodos e os recursos que o profesor/a pon a disposición dos seus alumnos/as e comprobar progresivamente como e cando os nenos/as van consolidando os logros alcanzados.

### **11.1. Procedementos para avaliar a propia programación**

É importante facer tamén unha **autoavaliación**, así como unha avaliación da programación, para saber se os obxectivos propostos están ben formulados, se se traballan todas as capacidades e contidos, se se logrou avanzar con respecto ás competencias, se se atoparon dificultades de aprendizaxe no alumnado e cal foi a intervención para resolvelas, e se foi axeitado o grao de colaboración establecido coas familias.

Levarase a cabo a través de:

- A observación directa e sistemática, con escalas de estimación, listas de control, etc.
- Diario de clase, no que se concreta e rexistran as incidencias que se producen no desenvolvemento da programación diaria.
- Planificación conxunta do Equipo de E.I., que dispón no seu horario dunha sesión semanal para programar actividades conxuntas; para concretar actividades propostas polo Equipo de Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega;

para deseñar actividades relacionadas coas festa e celebracións escolares: Samaín, Magosto, Día dos Dereitos da Infancia, Maíos...etc.; para consensuar indicadores de avaliación; para propoñer actividades conxuntas como saídas, visitas a museos, etc.

Todas estas aportacións son rexistradas e recollidas na memoria final de Ciclo.